


EU ❤️ FEDELLAR

Quen máis quen menos foi quen de amañar un aparello, ben sexa eléctrico, ou outro tipo de maquinaria. Moitas persoas son quen de fedellar na maquinaria agrícola e ao final amañalo, son amañadores/as, que aínda sen posuír un título que acredita a súa valía son capaces, grazas ao ensaio-erro, de arranxar cousas.



O impulso da comunidade EU <3 FEDELLAR quere reivindicar esta habilidade e propón realizar un encontro no que mostrar e falar arredor da capacidade das persoas á hora de facer. Por iso queremos impulsar esta comunidade como lugar de encontro no que parar a pensar que facer con estas habilidades e como podemos contribuír á que o resto da xente poida aprender do que uns fan. Procuramos así tecer unha serie de relacións entre diferentes colectivos e persoas para mostrar estas habilidades e seguir aprendendo entre todos e todas.

EU <3 FEDELLAR insírese dentro do movemento das economías en código aberto e sociais que procuran abrir os códigos e visualizar a través das ferramentas tecnolóxicas como é posible crear maquinaria agrícola en código aberto, ao igual que o é no ámbito do software libre.

Lugar: Museo Integrado de Maquinaria Agrícola Clásica.
Lugar A Airexe nº1. Trasliste, Láncara.

Día: venres 23 de Outubro.

PROGRAMA

11:00 - 11:10 **Presentación** xornada.

11:10 - 11:40 **A innovación tecnolóxica ao longo da historia.**

Lourenzo Fernández Prieto [Catedrático de Historia Contemporánea da USC]

11:40 - 12:10 **Non Intente facer isto na súa casa: Experiencia persoal no deseño e manufactura dun produto calquera.**

Pablo Blanco [Montenoso]

12:10 - 12:40 **As tecnoloxías non son neutras.**

[Enxeñería Sen Fronteiras]

12:40 - 13:00 Café-debate.

13:00 - 13:30 **Por unha robótica Open Source no rural.**

Tucho Méndez [CPI Alcalde Xosé Pichel Coristanco]

13:30 - 14:00 **Ou de como amañar un tractor con arduino.**

Jesús Toural [Makers Lugo]

14:00 - 14:30 **Maquinaria agrícola clásica, unha actividade innovadora.**

Marcos Vázquez [Asociación Galega de Amigos de Maquinaria Agrícola Clásica]

14:30 - 15:00 Conclusións do Encontro.

O encontro é aberto, pero é preciso inscribirse mandando un correo a [rede.revolta@usc.es](mailto:redes.revolta@usc.es) antes do mércores 21 de Outubro.

IMPULSAN:

(click para acceder ás webs)

Rede Revolta.

Montenoso.

Makers Lugo.

Asociación Galega de Amigos de Maquinaria Agrícola Clásica.

Enxeñería Sen Fronteiras.

CPI Alcalde Xosé Pichel.



REVOLTA
rede de agroecoloxía

Universidade de Vigo



montenoso



CPI Alcalde
Xosé Pichel



makers.
lugo



Enxeñería
Sen Fronteiras



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Creando emprego de novo Europa"

COMO CHEGAR

A parroquia chámase Trasliste, e o lugar é A Eirexe nº 1.

Vindo pola N-VI, ao chegar á parroquia de Gomeán (O Corgo), na rotonda de enlace coa autovía, segues 50 m. e colles a pista que pon "O Alto Santalla". Ao chegares a esta parroquia hai un indicador e unha caseta de parada do bus escolar. Colles á esquerda e segues ate a Igrexa de Trasliste. Aí colles á dereita e xa estás na Casa de Vázquez.

